

Anexo II

ESTATUTOS MODIFICADOS

**ESTATUTOS
ASOCIACIÓN DE NAIS E
PAIS SANTO TOMÁS**

(Colexio Santo Tomás-O Porriño)



DELEGACIÓN PROVINCIAL PONTEVEDRA
 Consellería de Xustiza,
 XUNTA DE GALICIA Interior e Administración Local

Data 21 XUN, 2004

Nº Rexistro: 4266

SAIDA

Examinado expediente sobre modificación dos Estatutos da Entidade denominada ANPA SANTO TOMÁS(PORRIÑO) inscrita co nº 1982/001019-1 (PO) do Rexistro de Asociacións e tendo en conta os seguintes

FEITOS

Que a Asemblea Xeral Extraordinaria da Entidade, celebrada o día 5-3-2004, acordou a modificación dos seus Estatutos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Que esta Delegación Provincial é competente para resolver sobre a inscrición solicitada, de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación en relación co Real Decreto 1639/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Asociacións e Orde do 26 de setembro de 1996.

Segundo: Que na adopción do acordo de modificación cumpriuse o disposto nos Estatutos Sociais, que o mesmo non altera a natureza xurídica da Entidade e que na documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos contemplados nos números 2 e 5 do artigo 22 da Constitución.

Terceiro: Vistos os preceptos legais citados e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

RESOLVO

Inscribi-la modificación dos Estatutos da Entidade da que se trata e visa-los novos, ós sós efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; ou calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Pontevedra, 17 de xuño de 2004



ASINADO/A PROVINCIAL

Asdo.: Sonia Lorenzo Santos

CAPÍTULO I – DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º - Constitúese en Porriño unha Asociación sen ánimo de lucro que se denominará Asociación de nais e pais de alumnos Santo Tomás (ANPA Santo Tomás), que se rexerá polos presentes Estatutos, pola lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións, e a Orden do 16 de xaneiro de que regula as asociacións de pais de alumnos así como a demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º - Son fins principais da Asociacións:

- a) Asistir ás nais e pais ou titores en todo o que atinxa á educación dos seus fillos.
- b) Colaborar nas actividades educativas do centro.
- c) Promover a participación das nais e pais do alumnado na xestión do centro.
- d) Facilitar a representación e participación das nais e pais do alumnado no Consello Escolar do centro.
- e) Fomentar e programar actividades artísticas, culturais, deportivas, cívico-sociais de información e de comunicación do alumnado por medio de concursos, exposicións escolares, conferencias, representacións teatrales e musicais, excursións, visitas a centros de interés cultural e social, así como todas aquelas outras que contribúan ó desenvolvemento da personalidade integral do alumnado.

En ningún caso poderán ampararse dentro da Asociación actividades contrarias ás Leis, ós Estatutos ou á boa marcha da ensinanza.

Como Asociación sen ánimo de lucro destinarase ós devanditos fins, polo menos, o setenta por cento das rendas netas e outros ingresos que se obteñan por calquera concepto, exceptuándose as aportacións efectuadas en concepto de dotación patrimonial.

Artigo 3º .-Para levar a cabo os seus fins, a Asociación organizara as actividades que aprobe a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

Artigo 4º - O domicilio principal e permanente da Asociación radicará no Colexio Santo Tomás, rúa A Florida – Torneiros 36410 O Porriño (Pontevedra), co número de teléfono 986333602.

Artigo 5º - A Asociación exercerá fundamentalmente as súas actividades no término municipal de O Porriño e a súa área de influencia.

Artigo 6º .-

1. A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
2. A Asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.



CAPÍTULO II - DOS SOCIOS

Artigo 7º .- Unicamente poderán ser membros desta Asociación as nais, pais ou titores do alumnado que curse estudos no Colexio Santo Tomás.

Artigo 8º .- Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.
2. Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos.
3. Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
4. Disfrutar de tódolas vantaxes e beneficios que a Asociación poda obter.
5. Ter copia destes Estatutos.
6. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
7. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
8. Facer suxerencias ós membros da Xunta Directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da Asociación.
9. Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 9º .- Son obrigas dos asociados e asociadas:



1. Prestar cantos servicios determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
2. Desempeña-los cargos para os que foron elixidos.
3. Asistir ás Asembleas Xerais.
4. Satisface-las cuotas que se establezan.
5. Observar unha boa conducta individual e cívica.
6. Cumpri-los acordos da Asemblea Xeral e o contidos dos Estatutos.

Artigo 10º .- A condición de asociado pérdese:

1. Por vontade propia
2. Por falta de pago nas cuotas.
3. Por acordo simple da Xunta Directiva, cando o socio, pola súa conducta incorrecta, por desprestixiar á Asociación cos seus actos ou palabras ou perturbar a súa boa administración e goberno se fixeran acreedores a tal sanción. En todo caso concederáselle ó interesado o prazo de 1 mes para que expoña as razóns que estime oportunas no seu descargo.

Artigo 11º .- A expulsión de asociados e asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do/a interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderásе recurrir ante a xurisdicción ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade propia, o asociado ou asociada deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cuotas que teña pendentes.



CAPÍTULO III – DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 12º .- A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 13º .- O/A Presidente/a da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

Artigo 14º .- A Xunta Directiva estará formada por un/unha Presidente/a, un/unha Vicepresidente/a, un/unha Secretario/a, un/unha Tesoreiro/a e tres vocais, cargos que deberán recaer en asociados/as que leven polo menos un ano na Asociación.

Artigo 15º.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuitos sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas, e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.

Elixiranse pola Asemblea Xeral os cargos e durarán un período de 4 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente. (Os cargos da Xunta Directiva serán nomeados pola mesma Xunta mediante elección directa para cada un dos seus membros).

Os membros da Xunta Directiva renovaranse por metade. No primeiro turno serán renovados o Vicepresidente, o Tesoreiro e 1 Vocal e no segundo, o ano seguinte, o Presidente, o Secretario e os outros 2 Vocais. O primeiro mandato dos cargos do segundo turno de renovación durará 1 ano máis.


Artigo 16º .- É función da Xunta Directiva programar e dirixir as actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Así mesmo procederá a convocar e fixa-la data da Asemblea Xeral, fixa-las cuotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designa-las Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, dictar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral. Corresponderalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asemblea.

Artigo 17º .- A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o/a Presidente/a ou o/a Vicepresidente/a, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo/a Presidente/a e, na súa ausencia, polo/a Vicepresidente/a ou o/a Secretario/a, por esta orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, de seis dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto o/a Presidente/a.

O/A Secretario/a ou, no seu defecto, o/a Vicepresidente/a levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.



Artigo 18º .- A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos/as integrantes da mesma. O/A Presidente/a e o/a Secretario/a da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 19º .- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo 1 vez ó ano, e con carácter extraordinario tantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos/as socios/as. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó/á Presidente/a, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 20º .- A Asemblea Xeral ordinaria reunirse necesariamente dentro dos dous primeiros meses do curso académico (setembro-xuño). Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 8 días de antelación polo/a Presidente/a da Xunta Directiva e en casos urxentes poderá ser convocada a Asemblea Xeral extraordinaria con un prazo mínimo de 48 horas.

Artigo 21º .- Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

1. Aproba-la acta da reunión anterior.
2. Aproba-lo plan de actividades.
3. Examinar e aproba-la memoria de actividades.
4. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
5. Aproba-los presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Exame e aprobación das cuotas.

Artigo 22º .- Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

1. Modifica-los Estatutos da Asociación.
2. Elixi-los integrantes da Xunta Directiva.
3. Aproba-la federación con outras Asociacións.
4. Acorda-la disolución da Asociación.
5. Designa-los/as liquidadores/as.
6. Ratifica-la expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
7. Solicita-la declaración de utilidade pública da Asociación.
8. Aproba-lo regulamento de réxime interno da Asociación.
9. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan espera-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
10. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 23º .- Para que as Asembleas poidan tomar acordos, integranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concurran a metade máis un do total na primeira convocatoria ou transcorridos 15 minutos en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

Artigo 24º .- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos os apartados 1 ó 7 do artigo 22, que requirirán a maioría de dous tercios. A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas e asinará o/a Presidente/a, o/a Secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.



Artigo 25º .- Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as asociados/as, incluso ós/as non asistentes.

As sesións se abrirán cando así o determine o/a Presidente/a. Seguidamente se procederá por parte do/a Secretario/a á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o Secretario procederá a plantexa-la orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día se procederá, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan un 10% dos/as asociados/as a facer un turno de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído o que se levantará a sesión por parte do/a Presidente/a.

Artigo 26º .- Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recurridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recurrir perante a xurisdicción ordinaria.

Artigo 27º .- O/A Presidente/a da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 13, as seguintes atribucións:

- a) Presidir e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixi-las deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- b) Propoñe-lo plan de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsado e dirixindo as súas tarefas.
- c) Ordea-los pagamentos acordados validamente.
- d) Representa-la Asociación perante calquera organismo público ou privado
- e) Asina-las actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación xunto co Secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

O/A Presidente/a será asistido/a nas súas funcións por un/unha Vicepresidente/a, que, ademais, substituíralle nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 28º .- O/A Secretario/a recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, a relación de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade. Correspóndelle así mesmo notifica-las convocatorias e custodia-las actas e expedir certificacións das mesmas co visto e prace do/a Presidente/a.




Ó/A Secretario/a correspóndelle tamén levar o inventario dos bens da asociación nun libro establecido ó efecto.

Artigo 29º .- O/A Tesoreiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participan en tódalas operacións de orde económico.

O/A Tesoreiro/a ten a obriga de proceder ó peche do exercicio presupostario antes do 16 de agosto, co fin de que as contas estén a disposición dos membros da Asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

Artigo 30º .- Os Vocais no número que determine a Asemblea Xeral terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.



CAPÍTULO IV – RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 31º .- A Asociación no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de 11,27 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano escolar.

Artigo 32º .- A Asociación mantérase dos seguintes recursos:

1. As cuotas periódicas dos/as asociados/as.
2. As cuotas extraordinarias que propoña a xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 33º .- As cuotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso algún e adicándose a atender as necesidades da Asociación.

Artigo 34º .- Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 35º .- Anualmente no tempo que establece o artigo 20 será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 36º .- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o/a Presidente/a, o/a Vicepresidente/a, e o/a Tesoreiro, para a utilización conxunta deles.

Artigo 37º .- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderá ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola Asociación.



CAPÍTULO V – DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 38º .- O Regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

Artigo 39º .- Os presentes Estatutos poderán ser modificacos a proposta da Xunta Directiva ou ¼ dos socios. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para calquera socio/a poida dirixir á Secretaria as propostas e enmendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

Artigo 40º .- Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros da Asemblea Xeral de socios. En caso de non estar presentes os membros requeridos haberá unha segunda convocatoria na que se aprobará por maioría cualificada dos presentes.


Artigo 41º .- A Asociación disolverase polas seguintes causas:


1. Pola vontade dos asociados/as acordada polas 2/3 partes dos/as mesmos/as.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

Artigo 42º .- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a Presidente/a e o/a Tesoreiro/a procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 43º .- O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña os mesmos ou similares fins ós desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.





[Handwritten signature]

[Handwritten signature]



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Inscrita a modificación por resolución do 17.6.04

ós sos efectos de publicidade de conformidade co
artigo 22 da constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002.

PONTEVEDRA, 17 de JUN de 2004

O DELEGADO PROVINCIAL

[Handwritten signature]